



A CONFIANZA DÁ NOXO

O 8 de novembro, o secretario xeral da sección sindical anunciou nunha asemblea de afiliados dúas cousas: 1) que as asimilacións se pagarían antes do 31 de decembro; 2) que o día anterior o xefe de Persoal se comprometera a dar unha resposta nun prazo de 24 horas á proposta sindical de actualizar o nivel salarial xa na nómina de novembro.

O 17 de novembro, un comunicado do comité di que o presidente da empresa lle comunicara que se avanzara positivamente e que quedaba pendente que a SEPI aportase unha documentación ós ministerios, o que faría nos vindeiros días.

O 1 de decembro, un comunicado da nosa federación di claramente que o pago das asimilacións aínda non estaba autorizado: “Dende a Federación de CCOO valoramos os pasos que se deron e a posición manifestada pola dirección da SEPI e de Navantia ante os órganos competentes da Administración, e esperamos que esta o teña en conta autorizando con prontitude o abono das cantidades adebedadas”. Pasou o día 10 e non houbo nada.

Toda esta situación suscita numerosos interrogantes: ¿Dixo ou non dixo con claridade a empresa que pagaría as asimilacións antes de fin de ano? Se non o dixo, ¿por que se anunciou que se pagarían? E se o dixo, ¿como é posible que o comunicado da federación lle bote unhas froles a Navantia e á SEPI, no canto de criticalas por anunciar algo que non era seguro e, sobre todo, por levar xa case tres anos violando o III Convenio (que non esquezamos que recuperou a súa plena vixencia coa sentenza da Audiencia Nacional de febreiro de 2015)?

A empresa non respondeu nin en 24 horas nin en 24 días, pero ¿chegou a responder algo? Se respondeu, ¿cal foi esa resposta? ¿por que non se informa ós traballadores? E se non respondeu, ¿de onde saca a federación que o pago aínda non está autorizado?

E o máis importante: **¿HAI ALGUNHA POSIBILIDADE REAL DE QUE AS ASIMILACIÓNS SE PAGUEN ESTE ANO?** Se a resposta é afirmativa, ¿en que se basea? ¿Ou trátase dunha cuestión de fe ou de confundir os desexos coa realidade? **O COMITÉ DE EMPRESA DEBE CONVOCAR INMEDIATAMENTE UNHA ROLDA DE ASEMBLEAS DE TALLO PARA DAR EXPLICACIÓNS ÓS TRABALLADORES SOBRE TODAS ESTAS CUESTIÓN.**

Na asemblea da sección sindical do 8 de novembro, *GañemosCCOO* dixo que o anuncio da empresa debería quedar recollido por escrito. A resposta do compañeiro Galán foi criminalizarnos cunha arenga digna dunha caza de bruxas inquisitorial e facer un auténtico canto á confianza na patronal: que el confiaba no novo xefe de Persoal, que se deixara quedar mal (!?) á presidenta da SEPI e el comprendía o seu enfado, que había que crear un novo clima... Xa se ve como lle corresponden. ¡Máis de medio século de sindicalismo das Comisións Obreiras na nosa factoría e o discurso do secretario xeral da sección sindical é que hai que confiar en mercenarios dun goberno do PP! Mal imos con semellante nivel de inxenuidade e incompreensión da realidade.

AS RELACIÓNS LABORAIS NON SE PODEN BASEAR NOS ACORDOS VERBAIS NIN NO “BUEN ROLLITO” PERSOAL PORQUE ATINXEN A INTERESES DE CLASE CONTRAPOSTOS. E, como no resto de facetas da vida, cando os intereses non son os mesmos, as cousas deben quedar moi clariñas. Se a empresa pensa cumprir o que anuncia de palabra, ¿por que vai negarse a poñelo nun papel e asinalo? E se se nega, entón hai que desconfiar. Se ás veces as empresas incluso violan o asinado —¡precisamente o que pasa co convenio, a pesar de ter rango de lei e haber unha sentenza do Supremo!—, como para fiarnos da súa palabra. Como sempre se dixo: onde hai confianza, dá noxo.